


Ortografía

11. Le o texto e rodea as comas (,):

A invisible ladra de bágoas bota un saco
prateado ao lombo cada noite, diríxese a todas as
casas onde oe unha nena ou un neno chorar,
róuballes as bágoas e méteas no seu saco.

As bágoas que collía eran vermellas coma rubís,
verdes coma esmeraldas, brancas coma as pedras
da lúa e amarelas coma o ámbar.



Escribimos unha **coma (,)** para separar as palabras
dunha enumeración, e a letra **e** diante da última
palabra.

12. Escribe correctamente as seguintes oracións:

- Hoxe comeremos sopa carne patacas filloas.

- No estoxo hai lapis rotuladores bolígrafos.

- Á festa veñen Marcos Sara Uxía Héctor.

- Temos vacacións o luns o martes o mércores.

- 13.** Le e observa como están partidas as palabras ao final da liña:

Os sábados, miña irmá e mais eu quedabamos a dormir en casa dos avós, e cada noite pedíamosles que nos leran o mesmo libro: "A ladra de bágoas", pois era, sen lugar a dúbida, o noso favorito.



Poñemos un **guión (-)** ao final dunha liña cando temos que partir unha palabra. Podemos separar a palabra ao final de cada sílaba.

- 14.** Estas palabras están divididas por sílabas. Corrixe os erros que atopes:

pe-que-n-a

xog-ue-te

Co-mpos-te-la

Al-a-me-da

dur-an-te

fest-as

após-to-lo

cham-a-da

cid-a-de